

Madrygal. Revista de Estudios Gallegos

ISSN: 1138-9664

 EDICIONES
COMPLUTENSE<http://dx.doi.org/10.5209/MADR.57655>

FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN, Carme (ed.) (2016): *As Irmandades da Fala, cen anos despois*. A Coruña: Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións, 326 pp.

As Irmandades da Fala, cen anos despois é unha compilación de dezaioito artigos científicos que, dende diferentes perspectivas, se achegan a este xa mítico grupo galeguista, que no 2016 celebraba o seu centenario. A intención do libro, coordinado polo Grupo ILLA (Investigación Lingüística e Literaria Galega) da Universidade da Coruña, é traer ao presente o traballo destes intelectuais que, a comezos do século XX, adicaron o seu traballo a revalorizar o galego en todos os ámbitos. Aínda que a situación da nosa lingua hoxe en día puidera ser mellor, o certo é que a súa incorporación á administración, aos espazos públicos e a todos os niveis da cultura; a promoción da investigación e o incremento de proxectos científicos en galego, etc. son por mor do traballo que grupos como as Irmandades da Fala –e este en concreto máis aínda, coma devanceiro– fixeron. Isto é xustamente o que o volume a analizar quere salientar.

O nacemento e desenvolvemento das Irmandades da Fala foron procesos de gran complexidade, xa que para entendelos é preciso comprender o contexto histórico da Galiza e España, o nivel cultural da poboación, a situación política e económica... mesmo tamén o papel da relixión na época. O monográfico *As Irmandades da Fala, cen anos despois* enfróntase a este muro de dificultades: detense un a un en todos estes temas para esmiuzalos, relacionalos co xurdimiento do grupo e, finalmente, facer este fenómeno asimilábel. Noutras palabras, non se trata dun simple estudo dos integrantes do colectivo, senón dunha revisión ampla, comprensiva e totalizadora. Así, hai artigos que se ocupan dos intelectuais, mais tamén de obras, lingua, política, relacións interestatais, ciencia, etc.

Irmandades da Fala, cen anos despois é un exemplar verdadeiramente estruturado. Tanto

no índice como no primeiro capítulo, o de Carme Fernández Pérez-Sanjulián, expónse a súa organización en apartados. Nese capítulo introdutorio, “Nos cen anos das Irmandades”, Carme explica, ademais, o motivo da publicación dun libro deste calibre e introduce un a un todos os artigos dos que se compón e argumenta por que. Cada apartado, sempre dende a súa temática particular, está especialmente enfocado a subliñar a enorme vixencia da función das Irmandades, pero nesta primeira introdución o propio libro xa se xustifica a si mesmo como un proxecto de continuidade do traballo galeguista. *As Irmandades da Fala, cen anos despois* é un xeito de traer a colación o que outros fixeron, mais tamén de fomentar o método de traballo que o grupo nacionalista comezou: publicar, falar e potenciar a investigación en galego e sobre Galiza.

Os apartados que seguen ao de Carme teñen diferente extensión e tamén ofrecen distintos materiais. Todos eles parten dun resumo do que se vai tratar, así coma dunhas palabras chave, e pechan cunha serie de referencias, xeralmente moi completa. Todos están escritos en galego; un, seguindo a norma lusista, e, os demais, a normativa RAG-ILG. Trátase dun volume que ofrece unha alta variedade de medios ao público. Entre as súas páxinas hai fragmentos de obras orixinais (dende o manifesto das Irmandades, ata partes de obras literarias ou publicacións periódicas), fotografías a cor de pinturas da época, ilustracións da obra de Castelao, cadros e gráficas de datos, etc. O primeiro artigo como tal é “As Irmandades: unha ruptura política e cultural”, de Justo Beramendi, da Universidade de Santiago de Compostela, que explica o lugar das Irmandades na Historia e as súas ideas políticas e culturais fundacionais. A continuación, “As Irmandades da Fala no seu centenario: as orixes e a conexión cubana”, de

Xosé Luis Axeitos, membro da Real Academia Galega, pon a emigración como unha das bases do sentimento nacionalista, o que explica o xurdimento do grupo galeguista. “Galiza, República, Lingua, Esquerda. Esteos ideolóxicos e perfís cívicos do labor prometeico de Antón Villar Ponte (1881-1936)”, de Emilio Xosé Ínsua, do IES A Basella (Vilanova de Arousa), trata a figura deste intelectual, tan importante para a fundación do colectivo e tan contraditoria, ao mesmo tempo. “As Irmandades da Fala, a historia e a construción do contemporáneo imaxinario (nacional) galego. Unha breve aproximación”, de Uxío-Breogán Diéguez, da Universidade da Coruña (UDC), expón a base do ideario simbólico sobre o que o grupo e, por ende, todo o movemento galeguista posterior, se asentaron, e que deu lugar a fitos coma, por exemplo, a celebración do Día de Galiza. En “As Irmandades da Fala e a masonaría”, Carlos-Caetano Biscainho-Fernandes, tamén da UDC e do Grupo ILLA, pon en relación as similitudes entre a masonaría e as Irmandades, xa que algúns dos seus integrantes pertenceron á comunidade gnóstica, e dá conta da historia desta escola de libre pensamento en Galiza. Para continuar e ofrecer unha visión dende fóra de España, Luís Martínez-Risco Daviña, membro da Fundación Vicente Risco, estuda as relacións entre Galiza e Portugal no tempo das Irmandades, en “Re-ler as relacións entre a Galiza e Portugal no centenario das Irmandades da Fala”. Seguen os artigos “As Irmandades da Fala e a incorporación do galego na cultura científica”, de Xosé A. Fraga Vázquez, do Consello da Cultura Galega, e Ángela Bugallo Rodríguez, da UDC e do Grupo IEM, e “A lingua galega na época das Irmandades”, de Xosé Ramón Freixeiro Mato, así mesmo da UDC e o Grupo ILLA, no que lembra a importancia da lingua para a conformación dunha identidade e resume o procedemento de consolidación do galego por parte das Irmandades; este artigo está moi relacionado co seguinte, “Descrición e prescrición na *Gramática do idioma galego* de Luguís Freire (1922, 1931)”, de Xosé Manuel Sánchez Rei, da UDC e do ILLA. A importancia do idioma aparece tamén en “Aproveitamento da lingua medieval na época das Irmandades da Fala”, no que Xoán

López-Viñas (UDC, ILLA) adéntrase na lingua desta época para explicar a presenza de arcaísmos no galego actual, ou en “Unha aproximación ao *retrato* sociolingüístico na obra artística de Castelao”, de María Pilar García Negro (UDC, ILLA), aínda que neste caso o tratamento do idioma ten un tinte máis político. Para continuar coa literatura, a obra de Vicente Risco examínase en “*O porco de pé*, unha sátira do *irmán* Vicente Risco na Galiza da ditadura” por parte de Olivia Rodríguez González (UDC), que a compara, de xeito moi orixinal, co ensaio político *El problema político de Galicia*, do mesmo autor. Áchanse amais aquí “Polémicas e desencontros arredor do teatro”, de Laura Tato Fontañina (UDC, ILLA), e “Galiza de ida e volta: imaxes da emigración e dos retornos no teatro durante o tempo das Irmandades”, de Iolanda Ogando, da Universidade de Extremadura e do Grupo de Investigación CILEM. Finaliza o compendio con temas de tipo artístico nos traballos “O Orfeonismo e os Coros Galegos da Coruña na conformación do ideario musical das Irmandades da Fala”, de Ramón Rodríguez Palleiro, Arquivoiro do Coro Galego Cántigas da Terra; “*Circa* 1916. A pintura galega no tempo das Irmandades”, de Carlos L. Bernárdez, do IES Politécnico de Vigo, e “Camilo Díaz Baliño: o deseñador da nación”, de Miguel Anxo Seixas Seoane, da Fundación Castelao.

Como se pode comprobar, hai un enorme traballo contido no volume *As Irmandades da Fala, cen anos despois*. Nese sentido, cumpre dabondo a tarefa que Carme marcara ao seu comezo, de ofrecer unha perspectiva multidisciplinar e científica con respecto ao tema das Irmandades. Mais é especialmente importante o cometido, así mesmo cumprido, de explicar non un pasado simplemente, senón as orixes do que hoxe advertimos. Recoñecer o pasado do noso tempo permite entender o presente, o que implica decatarse da importancia que ten o traballo e a posta en marcha de iniciativas culturais, como a que as Irmandades emprenderon, para o noso futuro.

María Isabel GÓMEZ RODRÍGUEZ
 Universidad Complutense de Madrid
 mgomez16@ucm.es